ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO:CEIP ROSALÍA DE CASTRO (BÓVEDA)
CURSO: 5º CURSO DE PRIMARIA
MATERIA: CIENCIAS NATURAIS
DATA: MAIO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica.	CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).
B4.2. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións para determinar: a masa e o volume dun corpo e as principais	CNB4.2.2. Describe a diferenza entre masa e volume.
B4.4. Realizar experiencias sinxelas, de forma cooperativa, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciar hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	CNB4.4.3. Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.
B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.	CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade. CNB5.2.3. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos : Interés do alumnado por participar (por conexión ou sen ela) nestas clases non presenciais tendo en conta as características individuais de cada alumno/a. Fichas, exercicios , traballos, resolución de exercicios orais e escritos. Formularios feedback.
	Instrumentos: Recollida de actividades, traballos persoais, exposicións orais e escritas. Caderno diario, rexistro anecdótico, revisión de tarefas, rexistros. Formularios google feedback. Presentacións, explicacións pdf
Cualificación final	A cualificación vaise facer en función das calificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación poderíase engadir un ou dous puntos máis en función do traballo realizado no 3º trimestre.
Proba extraordinaria de setembro	x
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do 1ª e 2ª trimestre.
	Criterios de cualificación: A cualificación vaise facer en función das calificacións das dúas primeiras avaliacións. A esa cualificación poderíase engadir un ou dous puntos máis en función do traballo realizado no 3º trimestre.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Medidas de reforzo adaptadas ao alumno/a e procedementos e instrumentos de avaliación citados anteriormente coas adaptacións adecuadas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de repaso, reforzo, e ampliación.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<u>Con conectividade:</u> -Clases diarias por videochamada diaria por Cisco Webex. -Uso das aulas virtuais e libros online e pdf para traballar diariamente de forma grupal. -Uso da páxina do colexio, correo e números de teléfono propio do alumnado para mandar as actividades, retos, enlaces, vídeos, formularios... propostos. <u>Sen conectividade:</u> --Comunicación directa mediante teléfono. --Uso da páxina do colexio, correo e números de teléfono propio do alumnado para mandar as actividades, retos, enlaces, vídeos, formularios... propostos.
Materiais e recursos	Cisco Webex (Clases virtuais), aula virtual, libro online,páxina do colexio, correos persoais, formularios google e pdf, fichas, exercicios propios...

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Durante o terceiro trimestre, a información coas familias é polos diversos canles mencionados anteriormente: Correo electrónico, teléfono propio e páxina do colexio.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.